

Expediente: 348/2024 - CL2024.17. Licitacións Plan de Sustentabilidade Turística Allariz  
Destino Sostible 2024-2026\_PRTR\_PSTD

**Procedemento: Contrato de Servizos por Procedemento Aberto Simplificado**

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**PRIMEIRO.** Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data/Núm.
Memoria xustificativa para a contratación do servizo	07/08/2024
Informe de insuficiencia de medios	07/08/2024
Informe de Secretaría do procedemento a seguir	07/08/2024
Resolución de Alcaldía inicio procedemento	07/08/2024
Informe-Proposta de Resolución	08/08/2024
Prego de cláusulas administrativas	09/08/2024
Prego de Prescricións Técnicas	09/08/2024

**SEGUNDO.** Á vista das características do contrato que se pretende adjudicar:

Tipo de contrato: Administrativo	
Subtipo do contrato: Servizos	
Obxecto do contrato: Prestación do servizo de oficina técnica e avaliación do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino de Allariz (PSTD), nos termos establecidos no convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Allariz para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino.	
Procedemento de contratación: aberto simplificado	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV: 71356200-0 (Servicios de asistencia Técnica)	
Valor estimado do contrato: 70.000,00€	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 57.851,25 €	IVE%: 12.148,75
Orzamento base de licitación IVE incluído: 70.000,00	
Duración da execución: 16 meses execución + 6 meses para a xustificación	Duración máxima: o prazo pode sufrir variacións vinculadas á ampliación do prazo da xestión e xustificación do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino.

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ (1 para 2)  
D.N.I.: 38411100  
Data de Sina: 09/08/2024  
HASH: b4fe0b7e4e8f8585cb0015774824373



Angela Quintas Fernández (2 para 2)  
D.N.I.: 38411100  
Data de Sina: 09/08/2024  
HASH: 6044101e8f60040c14b17796984b4c00



**DECRETO**  
Número: 2024-0277 Data: 09/08/2024

Cod. Validación: 70447PTD23:RWYDZ7PN9ANTJ  
Corrección: <https://allariz.sedelectronica.gal>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 74



Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para a prestación do servizo de “Oficina técnica e avaliación do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino de Allariz (PSTD)”, nos termos establecidos no convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Allariz para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO.** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións técnicas que rexerán o contrato.

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto correspondente por importe de 70.000 euros.

Sendo un gasto plurianual proxectado para os exercicios 2024-2026, a execución seguirá o réxime financeiro establecido nos pregos.

**CUARTO.** Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

**QUINTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SEXTO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

**SÉTIMO.** Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- Bernardo Varela López, Tenente de Alcalde, que actuará como Presidente da Mesa.
- Ángela Quintas Fernández, Vogal (Secretaria-Interventora da Corporación).
- María Isabel Mosquera Rey, Técnica da Corporación, Vogal
- Celestino Feijoo Rodríguez, Arquitecto técnico da Corporación, Vogal.
- Anais Fernández Barja, que actuará como Secretario da Mesa.

En Allariz, na data da sinatura electrónica

A Alcaldesa, M Cristina Cid Fernández  
Dou fe, A Secretaria, Ángela Quintas Fernández

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

